



## XUNTA DE GALICIA

VALERIANO MARTÍNEZ GARCÍA, CONSELLEIRO DE FACENDA E  
SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

### CERTIFICO :

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día sete de febreiro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“ Primeiro.- Aprobar os prezos de referencia para os arrendamentos dos predios integrados no Banco de Terras de Galicia para a súa aplicación durante o ano 2019, en cumprimento do disposto no artigo 25 da lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, de conformidade coa proposta acordada pola Comisión Técnica de Prezos e Valores do Banco de Terras de Galicia o día 12 de decembro de 2018, consonte coa cal propónse variar os prezos de referencia e/ou garantía, aplicando á totalidade dos prezos de referencia o incremento correspondente á variación porcentual experimentada polo IPC no período de doce meses inmediatamente anteriores á data da proposta, isto é, un 1,7% correspondente á variación de novembro de 2017 a novembro de 2018.

Segundo.- Aprobar o sistema de cálculo dos prezos de referencia para as restantes transaccións que realice o Banco de Terras de Galicia (venta, expropiacións, etc.).

Terceiro.- Declarar vixentes os prezos indicados, tal e como dispón a Lei de mobilidade de terras, namentres non se modifiquen ou aproben novos prezos.

Cuarto.- Publicar na páxina web do Banco de Terras de Galicia, os anexos nos que constan os prezos tipo de referencia para o arrendamento de predios rústicos, así como o sistema de cálculo para as restantes transaccións que realice o Banco de Terras de Galicia.”

E para que conste asino a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a sete de febreiro de dous mil dezanove.

Vº. e Prace  
O PRESIDENTE  
P.S. O vicepresidente e conselleiro  
de Presidencia, Administracións Públicas  
e Xustiza (D.6/2019).

